



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 15/11/2013

(MLD/mmv)

Asunto: Análise do cumprimento en orzamento inicial da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do teito de gasto no exercicio 2014

D^a Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Excma. Deputación Provincial de Ourense, de acordo co art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RDEP), emite o seguinte informe:

1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- Introducción

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sostibilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

- 1. Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*
- 2. El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea”*

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sostibilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

No que se refire á regra de gasto, o artigo 12 sinala que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiación.

En canto ao principio de sostibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte:

1. El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.

Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales.....

2. La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.

.....

5. La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais; e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”

Para dar cumprimento ao disposto no art. 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira, mediante acordo do Consello de Ministros de 28 de xuño de 2013, determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2014-2016. O obxectivo para as Entidades Locais consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.

2013	2014	2015
0,00	0,00	0,00

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Organismo Autónomo Local de natureza administrativa: INORDE (Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico). En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

2ª) Faise necesario, por tanto, avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para cada unha das Entidades citadas e polo conxunto adecuadamente consolidado.



3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para a Deputación Provincial de Ourense con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2014

O obxectivo de estabilidade orzamentaria ven expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 95). Para determinar o cumprimento deste obxectivo no Orzamento Xeral da Deputación de Ourense de 2014, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario por “operacións non financeiras” e o saldo de contabilidade nacional (capítulos I a VII).

Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais".

Os axustes que se van realizar, como consecuencia das diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, refírense aos seguintes supostos:

- a) Diferenzas de execución no orzamento de gastos. Responden ao grado de realización que se estima do gasto (ORN). A base do cálculo será a liquidación do orzamento do último exercicio (2012). Este axuste está xustificado porque a serie de estatísticas provinciais de “execución do orzamento de gastos” por operacións correntes, poñen de manifesto a existencia de aforros (créditos non gastados no exercicio). Estes créditos non se considerarán gastos en contabilidade nacional.
- b) Diferenzas de execución no orzamento de ingresos. Responden ao grado de realización que se estima do ingreso (DRN). A base de cálculo será a mesma que a utilizada no caso dos gastos, e xustifícase porque a serie de estatísticas provinciais de “execución do orzamento de ingresos” e a análise das bases utilizadas para a cuantificación das previsións de ingresos por operacións correntes, poñen de manifesto a existencia de “incumprimentos”. Estes excesos de previsión non se considerarán ingresos en contabilidade nacional.
- c) Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao Orzamento. As cantidades aboadas no exercicio na conta 413 “acreedores por operacións pendentes de



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

aplicar ao orzamento” darán lugar a axustes de maiores empregos non financeiros mentres que as cantidades aboadas con signo negativo, é dicir, aplicadas ao orzamento, implicarán axustes de menores empregos non financeiros.

d) Axustes por intereses.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do orzamento de cada un dos axentes que integran a Entidade Local, unha vez realizados os axustes que se indican nos anexos I e II, presenta os seguintes resultados:

CORPORACIÓN

**EQUIVALENCIA ENTRE O SALDO DO ORZAMENTO E O SALDO DE
CONTABILIDAD NACIONAL**

CONCEPTOS		2014
1	Ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7)	73.400.000,00
2	Gastos non financeiros (capítulos 1 a 7)	68.370.572,43
3	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro do Orzamento (1-2)	5.029.427,57
4	Axustes	11.280.363,57
	Gastos (ver anexo I)	12.866.184,53
	Ingresos (ver anexo I)	-1.585.820,96
5	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiación (3+4)	16.308.791,14
En porcentaxe de Ingresos non financeiros (5/1)		22,22%

O orzamento da Corporación para o exercicio 2014 **CUMPRE** co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

INORDE

**EQUIVALENCIA ENTRE O SALDO DO ORZEMENTO E O SALDO DE
CONTABILIDAD NACIONAL**

CONCEPTOS		2014
1	Ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7)	1.509.212,88
2	Gastos non financeiros (capítulos 1 a 7)	1.509.212,88
3	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro do Orzamento (1-2)	0,00
4	Axustes	275.123,85
	Gastos (ver anexo II)	311.928,12
	Ingresos (ver anexo II)	-36.804,26
5	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiación (3+4)	275.123,85
En porcentaxe de Ingresos non financeiros (5/1)		18,23%

O orzamento do INORDE para o exercicio 2014 **CUMPRE** co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Orzamento Xeral da Entidade Local (CONSOLIDADO), presenta o seguinte resultado:

Operacións non financeiras. Capítulos.	Deputación €	INORDE €	Operacións internas €	Consolidado €
Ingresos correntes.				
1. Impostos directos	4.100.000,00	---	---	4.100.000,00
2. Impostos indirectos	3.647.000,00	---	---	3.647.000,00
3. Taxas, prezos pub. e outros	5.550.107,08	47.530,00	---	5.597.637,08
4. Transferencias correntes	58.904.980,65	1.421.682,88	-1.400.000,00	58.926.663,53
5. Ingresos patrimoniais	190.462,75	40.000,00	---	230.462,75



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Total recursos correntes (1)	72.392.550,48	1.509.212,88	-1.400.000,00	72.501.763,36
Gastos correntes				
1.Gastos de persoal	27.588.853,67	843.574,64	---	28.432.428,31
2.Gastos corr. bens e servizos	17.905.505,41	365.638,24	---	18.271.143,65
3.Gastos financeiros.	1.489.571,42	-----	---	1.489.571,42
4.Transferencias correntes	6.944.555,31	300.000,00	-1.400.000,00	5.844.555,31
Total destinos correntes (2)	53.928.485,81	1.509.212,88	-1.400.000,00	54.037.698,69
AFORRO BRUTO (1-2)	18.464.064,67	0,00	0,00	18.464.064,67
Ingresos de capital				
6.Alleam. investimentos reais	7.000,00	---	---	7.000,00
7.Transferencias de capital	1.000.449,52	----	----	1.000.449,52
Total recursos de capital (3)	1.007.449,52	----	----	1.007.449,52
Gastos de capital				
6. Investimentos reais	13.201.751,90	-----	---	13.201.751,90
7. Transferencias de capital	1.240.334,72	---	---	1.240.334,72
Total destinos de capital (4)	14.442.086,62	-----	----	14.442.086,62
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)	5.029.427,57	0,00	0,00	5.029.427,57
AJUSTES (SEC 95)	11.280.363,57	275.123,85		11.555.487,42
Gastos	12.866.184,53	311.928,12		13.178.112,65
Ingresos	-1.585.820,96	-36.804,26		-1.622.625,22
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO DESPOIS DE AXUSTES	16.309.791,14	275.123,85		16.584.914,99

O cálculo da capacidade/necesidade de financiación nos entes sometidos ao orzamento obtense da seguinte maneira:

- Saldo orzamentario non financeiro, pola diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos. Cap 1 ao 7 Ingresos – Cap 1 ao 7 de gastos = + (capacidade) / - (necesidade)

Da comparación das previsións dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do conxunto da entidade local en termos consolidados, despois dos axustes vistos anteriormente, resulta un superávit orzamentario de 16.584.914,99 euros en termos de capacidade de financiación.

A financiación dispoñible permite, en consecuencia, un marxe de 16.584.914,99 euros, do que se deduce o cumprimento por parte desta Deputación do obxectivo de estabilidade orzamentaria concretado a través do déficit "cero" para os Orzamentos das Corporacións Locais durante o período 2014- 2016.

4. Análise do cumprimento da regra de gasto.

No primeiro apartado deste informe fíxose xa referencia a unha das esixencias relativas á contención do gasto, contida no artigo 12 da LOEOSF, onde se esixe tamén ás Entidades Locais que a variación do gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

En concreto, o 28 de xuño de 2013, o Consello de Ministros, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (4,0% do PIB) para o período 2014-2016, acordou a regra de gasto para os orzamentos de 2014, 2015 e 2016, esto é, 1,5%, 1,7% e 1,9% respectivamente.

Os acordos citados foron aprobados polo Senado o 5 de xullo de 2013.

O orzamento marcaría o obxectivo e compromiso da Corporación sobre o cumprimento da regra de gasto e a liquidación indicaranos finalmente o cumprimento ou non da regra de gasto.

Partindo do apartado 2 do artigo 12 da Lei onde se determina o volume de gasto computable para determinar a regra do gasto, debemos ter en conta as seguintes consideracións para o cálculo:

- a) Pártese da previsión da liquidación de 2013 axustada.
- b) Excluir os intereses da débeda.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

- c) Gasto financiado con fondos finalistas: excluír no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 470, 480, 720, 770,780.
- d) Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos nos que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Tendo en conta as consideracións citadas e os cadros adxuntos, obtemos que a regra de gasto obtida se sitúa en **66.223.694,94 euros**. Os orzamentos do exercicio 2014 cumpren coa regra de gasto.

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		Orzamento Ano 2013 Previsión de OR
	(+) Capítulo 1: Gastos de persoal	29.000.000,00 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bens y servicios	14.000.000,00 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financeiros	900.000,00 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias correntes	6.500.000,00 €
	(+) Capítulo 6: Inversións	15.000.000,00 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital	3.000.000,00 €
	Suma de Gastos non Financeiros (Cap 1 a 7):	68.400.000,00 €
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	900.000,00 €
1	Empregos non Financeiros (Cap 1 a 7)- Interese da débeda:	67.500.000,00 €
2	(+/-) Axustes segundo SEC	-760.171,42 €
3	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente de outras AAPP's	1.494.808,93 €
4	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	
	(a) Total Gasto Computable(a=1+2-	66.245.028,65 €



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

3-4)

	(b) Taxa de referencia do crecemento do PIB para o ano 2014	1,50%
	(c) Gasto computable incrementado pola taxa de referencia (a*(1+b))	66.223.694,94 €
5	(+) Cambios Normativos que supoñan incrementos permanentes da recadación (Potestativo) Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
6	(-) Cambios Normativos que supoñan decrementos permanentes da recadación (Obrigatorio) Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
	(d) LIMITE DA REGRA DE GASTO (c+5-6)	66.223.694,94 €

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE

		Orzamento Ano 2014
	(+) Capítulo 1: Gastos de persoal	27.588.853,67 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bens e servizos	17.905.505,41 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financeiros	1.489.571,42 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias correntes	6.944.555,31 €
	(+) Capítulo 6: Inversións	13.201.751,90 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital	1.240.334,72 €
	Suma de Gastos non Financeiros (Cap 1 a 7):	68.370.572,43 €
	(-) Intereses da débeda computados en capítulo 3 de gastos financeiros	1.461.571,42 €
7	Empregos non Financeiros (Cap 1 a 7)- Interese da débeda:	66.909.001,01 €
8	(+/-) Axustes segundo SEC	-12.523.776,02 €
9	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente de outras AAPP's	962.311,90 €
10	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	
	(e) Total Gasto Computable (e=7+8-9-10)	53.422.513,09 €
	(f) Cumprimento/Incumprimento Regra de Gasto (d >= e)	CUMPRE
	(g) Porcentaxe de Variación Gasto Computable 2013 e 2014 ((e/a)-1) antes de aplicar a taxa de referencia de crecemento do PIB e os cambios normativos	-18,12%

5. Límite de gasto non financeiro: Teito de gasto.

O artigo 30 da LOEOSF esixe ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Neste sentido establece que as entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2014-2016) e a regra de gasto (1,5 %, 1,7% y 1,9% respectivamente, segundo acordo aprobado polo Senado o 5 de xullo de 2013), que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Para o cálculo do teito de gasto debemos partir dos ingresos non financeiros para 2014. A primeira comprobación é comparar se as previsións de gastos non financeiros en termos de gasto computable (quitando capítulo 3 e gastos financiados por administracións) non supera o gasto computable de referencia (Base ano 2013, que inclúe o 1,5 % e o incremento ou diminución de ingresos por efecto dos cambios normativos para 2014 para este cálculo). Pois ben, como podemos ver nos cadros adxuntos do punto anterior, o gasto computable de referencia, **66.223.694,94 €** ([Cap 1 a 7 créditos axustados gastos 2013 – Cap 3 créd.ax.gtos 2013 – gastos financiados por administracións 2013] * (100+1,5 /100) + aumento/diminución recadación normativa) é superior ao gasto computable do exercicio 2014, que suma un total de **53.422.913,09 €** ([Cap 1 a 7 créditos axustados gastos 2014 – Cap 3 créd.ax.gtos 2014 – gastos financiados por administracións 2014]

A segunda comprobación ou cálculo, partindo da regra de gasto de referencia, sumar a previsión do capítulo 3 de 2014 e a financiación procedente de administracións prevista para 2014. A regra de gasto de referencia, como xa dixemos, ascende a 68.647.578,26 €, as previsións do capítulo 3 de 2014 suman 1.461.571,42 €, a financiación procedente de administracións para 2014 é de 962.311,90 €. Por tanto, **o límite de gasto non financeiro partindo da regra de gasto é de 68.647.578,26 euros.**

	(h)LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO (TEITO DE GASTO): (h=d+11+12)	68.647.578,26 €
	(d) Limite da Regra de Gasto	66.223.694,94
11	(+) Intereses da débeda (ano 2014)	1.461.571,42 €
12	(+) Gastos financiados con fondos finalistas procedentes de outras AAPP's (ano 2013)	962.311,90 €

A terceira comprobación é o cumprimento do obxectivo de estabilidade en termos SEC-95: determinar se ten capacidade ou necesidade de financiación. No cadro adxunto de estabilidade orzamentaria vemos que no orzamento de 2014 da Deputación Provincial de Ourense existe capacidade de financiación por importe de 16.309.791,14euros.

Dito esto, o cálculo do **límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 84.680.363,57 €**, resultante de restar á suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos axustados de 2014 (71.814.179,04) os axustes do SEC previstos en gastos no 2014 (-12.866.184,53)

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro da Deputación Provincial de Ourense ascende a 68.647.578,26 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2014 ascenden a 68.370.572,43 euros, esta Entidade Local **cumpre co límite de gasto non financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

LÍM.GASTO NON FINANCIERO	68.647.578,26
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	68.647.578,26
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidad presusp.	84.680.363,57
Gastos non financeiros orzamento exercicio	68.370.572,43



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Con motivo da rendición da liquidación do exercicio de 2014, de conformidade coa normativa precitada, deberá volverse a entrar na análise do cumprimento do equilibrio financeiro.

O que se pon de manifesto para dar cumprimento ao disposto no apartado 2 do artigo 16 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1.463/2007, de 2 de novembro.



Ourense, a 15 de novembro de 2013

A interventora

Mónica Legaspi Díaz

ANEXO I: AXUSTES AO ORZAMENTO DEPUTACIÓN 2014

Exercicio 2010	Previsións Definitivas (n-3)	Obrigas recoñecidas	% Inxecución
Cap. 1	34.687.731,26	34.014.243,28	2%
Cap. 2	16.915.739,35	13.183.514,41	22%
Cap. 3	1.520.708,66	913.740,50	40%
Cap. 4	10.167.351,84	9.089.253,32	11%
Cap. 6	44.426.476,84	20.034.915,72	55%
Cap. 7	4.261.155,43	3.295.814,39	23%

Exercicio 2011	Previsións Definitivas (n-2)	Obrigas recoñecidas	% Inxecución
Cap. 1	31.957.113,23	31.305.514,93	2%
Cap. 2	17.206.642,86	13.437.984,08	22%
Cap. 3	2.103.994,89	1.456.704,95	31%
Cap. 4	9.313.575,27	8.691.756,05	7%
Cap. 6	33.088.309,52	18.572.198,49	44%
Cap. 7	1.968.338,28	859.559,96	56%

Exercicio 2012	Previsións Definitivas (n-1)	Obrigas recoñecidas	% Inxecución
Cap. 1	30.092.896,73	28.641.237,81	5%
Cap. 2	20.074.114,52	14.342.620,69	29%
Cap. 3	1.735.739,24	1.574.192,96	9%
Cap. 4	8.887.699,62	8.358.903,39	6%
Cap. 6	26.251.072,16	12.493.764,16	52%
Cap. 7	2.091.892,00	1.768.024,16	15%

Cap. 7	31%
Cálculo media de porcentaxes de inxecución.	% Inxecución
Cap. 1	3%
Cap. 2	24%
Cap. 3	27%
Cap. 4	8%
Cap. 6	50%



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Capítulos	Previsións Iniciais (n) 2014	% Inxecución	Axuste
Cap. 1	27.588.853,67	2,93%	-809.684,75
Cap. 2	17.905.505,41	24,17%	-4.328.216,37
Cap. 3	1.489.571,42	26,66%	-397.146,41
Cap. 4	6.944.555,31	7,74%	-537.734,72
Cap. 6	13.201.751,90	50,39%	-6.652.832,55
Cap. 7	1.240.334,72	31,49%	-390.569,73
TOTAL AXUSTE			-13.116.184,53

GASTOS	DENOMINACION	DESCRIPCIÓN DA OPERACION	CONTABILIDAD ORZAMENTARIA (1)	AXUSTES (2)	CONTABILIDAD NACIONAL (1) + (2)
I	Gastos de persoal	Inxecución de gasto (estimación)	27.588.853,67	-809.684,75	26.779.168,92
II	Gastos bens correntes	Inxecución de gasto (estimación)	17.905.505,41	-4.328.216,37	13.577.289,04
		Recoñecemento extraxudicial de crédito		100.000,00	100.000,00
III	Gastos financeiros	Inxecución de gasto (estimación)	1.489.571,42	-397.146,4146	1.092.425,01
		Intereses da débeda		150000	
IV	Transferencias correntes	Inxecución de gasto (estimación)	6.944.555,31	-537.734,72	6.406.820,59
VI	Inversións reais	Inversións en xeral	13.201.751,90	-6652832,549	6.548.919,35
VII	Transferencias capital	Entre administracións públicas	1.240.334,72 €	-390569,7274	849.764,99
					55.354.387,90
TOTAL AJUSTES: (+) Más déficit (-) Menos déficit			68.370.572,43	-12.866.184,53	55.504.387,90



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Exercicio 2010	Previsións Definitivas (n-3)	RECAUDACIÓN NETA: Exer cte+cerrado	% Inxecución
Cap. 1	2.800.000,00	2.320.897,41	17%
Cap. 2	-	-	0%
Cap. 3	3.790.129,48	2.417.393,46	36%

Exercicio 2011	Previsións Definitivas (n-2)	RECAUDACIÓN NETA: Exer cte+cerrado	% Inxecución
Cap. 1	2.600.000,00	3.243.362,13	-25%
Cap. 2	-	-	0%
Cap. 3	3.771.771,48	3.217.048,14	15%

Exercicio 2012	Previsións Definitivas (n-1)	RECAUDACIÓN NETA: Exer cte+cerrado	% Inxecución
Cap. 1	2.500.000,00	2.124.505,96	15%
Cap. 2	-	-	0%
Cap. 3	5.221.982,45	3.690.044,57	29%

Cálculo media de porcentaxes inxecución.	de de	% Inxecución	Capítulos	Previsións (n) 2014	% Inxecución	Axuste
			Cap. 1	2%	4.100.000,00	2,46%
Cap. 2	0%	3.647.000,00	0,00%	0,00		
Cap. 3	27%	5.550.107,08	26,75%	-1.484.880,72		
TOTAL AXUSTE						-1.585.820,96

INGRESOS	DENOMINACION	DESCRIPCIÓN DA OPERACION	CONTABILIDAD ORZAMENTARIA (1)	AXUSTES (2)	CONTABILIDADE NACIONAL (1) + (2)
----------	--------------	--------------------------	-------------------------------	-------------	----------------------------------



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

I	Impostos directos	Inexecución de ingreso (estimación)	4.100.000,00	-100.940,24	3.999.059,76
II	Impostos indirectos	Inejecución de ingreso (estimación)	3.647.000,00	0,00	3.647.000,00
III	Taxas e outros ingresos	Inexecución de ingreso (estimación)	5.550.107,08	-1.484.880,72	4.065.226,36
IV	Transferencias correntes	Inexecución de ingreso (estimación)	58.904.980,65		58.904.980,65
V	Ingresos patrimoniais	Inexecución de ingreso (estimación)	190.462,75		190.462,75
VI	Enaxena. inversións reais	Enaxenación solares	7000	0	7.000,00
VII	Transferencias capital	Entre administracións públicas	1.000.449,52	0	1.000.449,52
TOTAL AXUSTES: (+) Menos déficit (-) Más déficit			73.400.000,00	-1.585.820,96	71.814.179,04

ANEXO II: AXUSTES AO ORZAMENTO INORDE 2014

Exercicio 2012	Previsións Definitivas (n-1)	Obrigas recoñecidas	% Inexecución
Cap. 1	1.176.363,46	1.058.689,02	10%
Cap. 2	806.161,96	648.982,42	19%
Cap. 3	15.000,00	36,00	100%
Cap. 4	160.000,00	76.664,60	52%
Cap. 6	1.217.982,72	573.362,77	53%
Cap. 7			0%

Cálculo media de porcentaxes de inexecución.	% Inexecución
Cap. 1	10%
Cap. 2	19%
Cap. 3	100%



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Cap. 4	52%
Cap. 6	53%

Capítulos	Previsións Iniciais (n) 2014	% Inxecución	Axuste
Cap. 1	843.574,64	10,00%	-84.384,78
Cap. 2	365.638,24	19,50%	-71.289,46
Cap. 3	0,00	99,76%	0,00
Cap. 4	300.000,00	52,08%	-156.253,88
Cap. 6	0,00	52,93%	0,00
Cap. 7	0,00	0,00%	0,00
TOTAL AXUSTE		-311.928,12	

GASTOS	DENOMINACION	DESCRIPCIÓN DA OPERACION	CONTABILIDAD ORZAMENTARIA (1)	AXUSTES (2)	CONTABILIDADE NACIONAL (1) + (2)
I	Gastos de persoal	Inxecución de gasto (estimación)	843.574,64	-84.384,78	759.189,86
II	Gastos bens correntes	Inxecución de gasto (estimación)	365.638,24	-71.289,46	294.348,78
III	Gastos financeiros	Inxecución de gasto (estimación)	0,00	0	0,00
IV	Transferencias correntes	Inxecución de gasto (estimación)	300.000,00	-156.253,88	143.746,13
VI	Inversións reais	Inversións en xeral	0,00	0	0,00
VII	Transferencias capital	Entre administracións públicas	0,00 €	0	0,00
					1.197.284,76
TOTAL AXUSTES: (+) Más déficit (-) Menos déficit			1.509.212,88	-311.928,12	1.197.284,76



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE**

Exercicio 2012	Previsións Definitivas (n-1)	RECADACIÓN NETA: Exer cte+cerrado	% Inxecución
Cap. 1	-	-	0%
Cap. 2	-	-	0%
Cap. 3	54.510,26	12.300,92	77%

Cálculo media de porcentaxes de inxecución.	% Inxecución
Cap. 1	0%
Cap. 2	0%
Cap. 3	77%

Capítulos	Previsións (n) 2014	% Inxecución	Axuste
Cap. 1	0,00	0,00%	0,00
Cap. 2	0,00	0,00%	0,00
Cap. 3	47.530,00	77,43%	-36.804,26
TOTAL AXUSTE			-36.804,26